



Cáritas

Diocesana de Tui-Vigo

Boletín Informativo

nº 19 - Abr 2009

O ACOMPAÑAMENTO

“Os presbíteros atópanse en relación positiva e animadora cos laicos. Están ao servizo da súa fe, da súa esperanza e da súa caridade, axúdanlles a exercitar en plenitude a súa misión específica no ámbito da misión da Igrexa” (Concilio Vaticano II. Presbyterorum ordinis, 9).

O presbítero é **animador, acompañante, xerador de vida e dinamismo** na comunidade. Ten que saber xerar estímulos, traballar en equipo, ser líder e deixar o seu protagonismo ao grupo. Ter clara e asumida a identidade e os mesmos referentes de Cáritas. É, ante todo, **ministro da palabra de Deus**. Debe axudar a achegarse á Palabra cun corazón dócil e orante, para que ela penetre a fondo nos pensamentos e sentimentos das persoas e enxendre unha mentalidade nova: “a mente de Cristo” (1 Cor 2,16). É **testemuña da caridade de Cristo** mesmo que “pasou facendo o ben” (Hch 10,38); e debe ser polo tanto signo visible da solicitude da Igrexa, e posto que o home de hoxe está afectado por tantas desgrazas, é necesario que o home de Deus, ben preparado para toda obra boa (2 Tim 3,17) reivindique os dereitos e a dignidade do home (Propositio 28). Ten que ser **mestre da oración**. Os cristiáns esperan atopar nel non só un home que lles acolle, que os escoita con gusto e lles mostra unha sincera amizade, senón tamén e sobre todo un home que lles axude a ollar a Deus, a subir hacia El. **Está chamado a educar** aos demais, mediante a formación que dá sentido ao noso quefacer concreto, na imitación de Cristo e no mandamento novo do amor fraterno (Jn 15,12).

Os equipos das Cáritas parroquiais, estamos chamados a vivir como as primeiras comunidades cristiás. Comunidades nas que se interiorice a Palabra e se faga vida; comunidades nas que a oración sexa un medio para recibir constantemente forzas de Cristo; comunidades nas que a formación se viva como unha necesidade para discernir e manter viva a chamada ou vontade de Deus; comunidades nas que a reflexión sobre a acción nos empuxe a coñecer cada vez máis as esperanzas, necesidades, problemas e sensibilidades dos destinatarios da mesma; comunidades animadoras da comunidade parroquial; comunidades testemuñas da caridade de Cristo.

Jaime Barrecheguren.

<i>Aunando esforzos</i>	2	<i>Intervención socio-familiar con</i>
<i>I Mostra de Cine social</i>	3	<i>familias, mulleres e menores en</i>
<i>Fundación Pedro Barrié de la Maza:</i>		<i>situación de desvantaxe social</i>
<i>Programa de axudas de emerxencia</i>		5
<i>social para familias</i>	4	<i>Novas breves</i>
		6

Sumario

Editorial